

EUREKA

Lisandro Alonso, 2023

1311

ESTREA EN NUMAX: 14.06.2024 | V.O.S.E. | +16 | 146 min

Un cowboy solitario (Viggo Mortensen) adéntrase nunha vila sen lei en busca de vinganza. Paralelamente, na reserva de Pine Ridge, en Dakota do Sur, Alaina está cansa do seu traballo como policía e deixa de responder as alertas de radio unha fría noite de inverno. A súa sobriña Sadie pasa a noite agardándoa en van. Coa axuda do seu avó, Sadie decide emprender unha viaxe a través do tempo e o espazo até un lugar de Sudamérica, onde poderá deixar de lado vellos westerns en branco e negro que non a representan, para se centrar en escoitar os sons e os relatos doutras persoas, as que aínda viven na selva.

«A obra de madurez de Lisandro Alonso»

Paula Vázquez Prieto, LA NACIÓN



Entrevista con Lisandro Alonso: «Se eu fose nativo, preferiría nacer preto do Amazonas que en Estados Unidos»

Cre que é a súa película máis complexa? Si, seguramente. É difícil explicalo ou poñelo en palabras porque sería como tentar explicar un cadro. E non o digo porque me considere pintor, senón porque é moi complexo. Pero podemos tentalo...

De onde vén a idea para esta película? En *Jauja* (2014) decidín retratar a distintos personaxes indios. Cando terminei a película, deime conta de que quería profundar máis neste mundo imaxinario. Sentínme instintivamente atraído polos westerns e por unha novela de Cormac McCarthy, *Meridiano de sangue*, que describe a violencia da expansión do Oeste e a vida fronteiriza, os massacres e a ausencia total de leis que protexen a xente. A fin de contas, a sociedade actual non é tan diferente da de 1800, só que se expresa por medios distintos. A tolerancia cara a esas culturas non é moito maior agora que entón. Xa non utilizamos as armas para exterminalas, senón mecanismos máis sutís. A violencia, a corrupción, a ignorancia e a falta de leis son similares ás da época do Salvaxe Oeste.

A película establece un contraste entre a situación dos indios en Estados Unidos e os de América Latina. Cal era a súa intención? A película pretende comparar o modo de vida dos indios na selva, onde aínda poden refuxiarse na súa vasta contorna natural e cazar e pescar, coa situación dos nativos americanos, que viven nunha parcela de terra que lles asignou o Goberno estadounidense. Están illados das súas tradicións e o seu modo de vida, non gozan dos mesmos dereitos que os demais cidadáns estadounidenses. Quería expor esta cuestión: se os nativos de América do Norte puidesen vivir como os nativos da selva, preferirían? Serían máis felices se estivesen menos contaminados polo modelo de civilización occidental?

Cre que os nativos de Sudamérica foron máis afortunados que os de América do Norte? Ese é un dos principais temas que expón a película. Ambos grupos viviron historias sangrentas, pero en Sudamérica atoparon refuxio en lugares como as selvas amazónicas, onde poden esconderse do resto do mundo. Mentres que no Norte perderon a súa personalidade e algúns xa non saben quen son. É moi duro vivir sen trazas de identidade. E é aínda máis difícil mesturarse con culturas que viñeron despois da túa e que seguen negando ou ignorando a túa existencia. Se eu fose nativo, preferiría nacer preto do Amazonas que en Estados Unidos.

O período de tempo no que transcorre a película parece intencionadamente ambiguo. É unha forma de reflexionar sobre a circularidade do tempo na que cren estas culturas indíxenas? Si, móvese entre períodos de tempo, e iso reflíctese na fotografía, o vestuario, a forma de falar da xente e a iluminación. A película empeza no pasado co western, pero non é un pasado naturalista, senón que se inspira nos decorados dos westerns clásicos. Logo trasládase ao presente, na reserva, e finalmente viaxa a un pasado máis próximo, á selva dos anos 70. Non creo que sexa un problema para o público porque os espectadores de hoxe en día están moi afeitos saltar no tempo e o espazo. Cando buscamos información na internet imos do presente a outro século sen que isto nos preocupe o máis mínimo.

Adoita dicir que as súas historias xorden de lugares, que se inspira en contornas naturais. Que lugares inspiraron esta película? Rodamos a primeira parte en Pine Ridge, Dakota do Sur, un lugar moi árido. Alí viven entre 50.000 e 70.000 persoas e, con todo, só hai unha vintena de policía, a pesar dos graves problemas de posesión de armas e consumo de drogas. Descubríñ ese lugar en 2016, grazas a Viggo Mortensen, que xa estivera alí varias veces. Collín algúns voos, aluguei un coche e planteime alí. Volvín tres veces máis...



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Meridiano de sangre,
Cormac McCarthy.
Random House, 2016